

- Aldea da parroquia (San Martiño) e concello de Nogueira de Ramuín (Ourense), que ten 5 habitantes.
- Lugar da parroquia de Beacán (Santa María), no concello da Peroxa (Ourense), que ten 15 habitantes.
- Lugar da parroquia (Santa Mariña) e concello de Covelo (Pontevedra).

BALDOMAR (San Xoán). Parroquia pertencente ó concello de Begonte (Lugo), arciprestado de Begonte-Parga e diocese de Mondoñedo-Ferrol. Ten 58 habitantes na entidade de poboación da Aldea. Atravesa o seu termo o rego da Veiga.

BALDOMIR. Lugar da parroquia de Guísamo (Santa María), concello de Bergondo (A Coruña), que ten 315 habitantes e dista 4,5 quilómetros da capital municipal.

- Aldea da parroquia de Montemaior

(Santa María Madanela), no municipio da Laracha (A Coruña), que ten 35 habitantes e dista 12,4 quilómetros da capital do concello.

- Aldea da parroquia (Santa María) e concello de Folgoso do Courel (Lugo), que ten 19 habitantes e dista 2,3 quilómetros da capital do municipio.

BALDOMIR, Pazo de. Está situado na parroquia de Guísamo (Santa María), no concello de Bergondo (A Coruña) e fundouno o rexedor perpetuo de Santiago de Compostela, Diego de Ribera Taibo, sobre unha casa preexistente da súa propiedade. A construción levouna a cabo, nunha fase inicial, o arquitecto Benito de Montegudo (1702). O pazo é de planta cadrada e a maior parte das súas características pertence ó século XVIII, pero foi reformado posteriormente. A fachada actual é de estilo neoclásico, cunha escalinata de grandes dimensións, e leva dous arcos a regra

de cantería, cachotería enfuscada, partes de cantería e fiestras con balcón no primeiro andar. No lado leste existe unha pequena capela coa súa espadana barroca. No escudo da fachada vense as armas dos Ribera, Soutomaior, de la Torre, Caamaño, Leis, Taibo e Ponte. Ó longo da súa historia sufriu un incendio e, aínda que na actualidade está en proceso de restauración, segue a presentar un estado case ruinoso.

BALDOMIR RODRÍGUEZ, Francisco. Músico coruñés nado en 1861. Emigrou moi novo ó Uruguai (á cidade de Paysandú), onde exerceu funcións de mestre de música e director de bandas militares. A partir de 1892 foi director do coro, da banda e da orquestra do Centro Gallego de Montevideo e tiña ó seu cargo a programación musical desa entidade (ata comezos do século XX, foi unha das máis importantes do ambiente artístico da capital uruguiaia). En 1917 dirixiu o Orfeón da Casa de Galicia. Foi un dos principais difusores da produción musical do seu irmán José e estreou no Río da Prata (Arxentina) a famosa balada *Meus amores* e a zarzuela *Santos e meigas*. Casou con Eugenia Ferrari e un dos seus fillos, Alfredo Baldomir, destacou como xeneral e arquitecto e mesmo chegou a ser presidente da República uruguiaia no período 1938-42. Francisco Baldomir rematou a súa carreira musical como pianista nos cines de Montevideo durante o período mudo e formou dúo co violinista uruguiaio Mariano Sábat Ercasty. (Carlos A. Zubillaga Barrera)

BALDOMIR RODRÍGUEZ, José. Músico e compositor, coñecido principalmente polas súas producións para canto e piano sobre textos de poetas galegos. Naceu na Coruña o 26 de novembro de 1867. Foi discípulo do mestre Marcial Torres del Adalid –curmán este do compositor coruñés Marcial del Adalid–. Exerceu como director dos orfeóns O Eco e O Brigantino (do liceo do mesmo nome); das orquestras do Liceo O Brigantino; da orquestra da Sociedade Bretón de los Herrerros; e dos coros e orquestra das Hijas de María, todas elas entidades coruñesas. Durante máis de trinta anos desempeñou a clase especial de conxunto e masas corais da Escola de Belas Artes da Coruña, asimilada ás do Conservatorio de Música e Declamación de Madrid pola Real orde do 20 de febreiro de 1901. Tamén desempeñou a clase de canto individual creada pola Deputación Provincial da Coruña en 1911.

Interveu en varios tribunais de oposicións e presidiu o xurado de moitos certames musicais para orfeóns, bandas e coros galegos, como o celebrado en Pontevedra os días 16 e 17 de agosto de 1904. En 1906 foi invitado a dar un recital das súas composicións no Ateneo de Madrid, polo que se organizou unha velada literario-musical que presidiu o marqués de Figueroa e na que colaboraron o polígrafo Said Armesto, os escritores Álvarez Insua e



Baldomir, aldea da parroquia de Guísamo (Santa María), no concello coruñés de Bergondo.




José Baldomir Rodríguez

Freire de Andrade e os cantantes Mazán e Taleuyo. Este mesmo ano realizou unha longa viaxe artística por numerosas capitais de España, Portugal e Francia, e contribuíu, así, á difusión dos máis insignes poetas galegos. En 1905 ingresou como académico de número da Academia Provincial de Bellas Artes; fixo o propio como correspondente na Real Academia de Belas Artes de San Fernando en 1922; e en 1941 nomeárono numerario na Real Academia Galega, onde ocupou a vacante do crítico de arte e notable folclorista lugués Indalecio Varela Lenzano.

Desenvolveu a actividade de musicoloxía, colaborando con Ramón de Arana na recollida de temas tradicionais galegos para *Cantos y bailes populares de España*, de José Inzenga, e para *Cancionero musical popular español*, de Felipe Pedrell. Como escritor e crítico musical publicou en Galicia e fóra dela; así o fixo no xornal *La Voz de Galicia* e en *La Ilustración Musical*, de Barcelona, dirixida por Pedrell. O 1 de febreiro de 1947 faleceu na Coruña, con 79 anos xa cumpridos. O Concello herculino acordou, en 1962, dedicarlle unha rúa no sector de Agra do Orzán.

Para a escena compuxo a ópera, en dous pasos, *A Virxe do Cristal*, sobre o texto —adaptado por Cabanillas— da lenda de Curros; a zarzuela *Santos e meigas*, con libreto de Linares Rivas, que alcanzou no teatro madrileño da Zarzuela 137 representacións consecutivas; e música para outras pezas teatrais. O catálogo de obras instrumentais inclúe un oratorio e un poema sinfónico, outras creacións para orquestra e obras para piano e outros instrumentos.

Ademais compuxo máis de corenta melodías, coñecidas non soamente en Galicia e no resto de España senón tamén noutros países, que adoitan interpretarse tanto na versión de voz e piano coma na coral. De entre elas destacan as seguintes, agrupadas segundo o poeta ilustrado: con poemas de

Primeira edición de *Melodías gallegas*.

Rosalía de Castro, “Tí onto, mañá eu”, “Caín tan baixo, tan baixo”, “Mais ve”, “Grilo e ralos”, “¿Por qué, Dios piadoso?”, “Maio longo”, “Tal como as nubes”, “Eran craros os días”, “Teño medo”, “No ceu azul crarísimo”, “Quérome ire”, “Tristes campanas de Herbón”, “Pasade”, “Ando buscando meles e frescuras”, “Rico ou probe”, “A un batido”, “Eu levo unha pena”, etc.; con poemas de Eduardo Pondal, “Monte branco”, “Tén o seu punto a rosa”; con poemas de Ramón Cabanillas, “Camiño da ermita”, “Nosa plegaria”, “A roseira dos recordos”, “Camiño longo”, “Felicidade”, “O Cantar”; “Carmela”, poema de Urbano González; “¿Cómo foi?” de Curros Enríquez; e “Meus amores”, poema de Salvador Golpe. Estas dúas últimas, xunto co “Maio longo” rosaliano, tal vez sexan as de maior popularidade. Cómpre rexistrar tamén varias composicións relixiosas e a serie de *Canciones infantiles*, publicada en 1946, sobre poemas en castelán de Rafael Collel, Juana de Ibarbourou, Enrique de Mesa, Gabriela Mistral e Julia Verdejo.

Estas obras vocais mereceron críticas sempre favorables, nas que se subliña a sensibilidade expresiva do mestre José Baldomir. Entre estes xuízos destaca, pola competencia e prestixio do seu autor, o emitido en *La Época* de Madrid, polo crítico musical dese xornal, Cecilio de Roda, que foi presidente da Sección de Música do Ateneo, académico numerario de San Fernando e director do Conservatorio Nacional de Música. Del son os parágrafos seguintes: *Baldomir, máis que lied moderno, quixo facer arte galega; realiza-lo sentimento íntimo das poesías, utilizando as adorables cadencias do seu país. Tam completamente conseguiu o seu propósito, que, oíndoas, non se pensa que alí hai música, non hai atención máis que para o texto, que o monopoliza todo; despois de oílas non se pode lembra-la poesía sen que a ela se lle agregue o perfume melódico*

que o compositor extraeu dela e que envolveu o texto de tal maneira que un e outro quedan no recordo, formando unha unidade absoluta, unha cousa única e inseparable. Esta era a tendencia wagneriana, a dun español insigne do século XVIII, o abade Juan Andrés, cando dicía que a única linguaxe natural da poesía é a música. Ten ademais a música de Baldomir outras características da arte popular: a facilidade e a asimilación. A letra xorde espontánea, a liña melódica penetra tanto que, como antes dicía, aínda oíndoas unha vez, quedan fixos no recordo os seus trazos principais (Ramiro Cartelle Álvarez)

BALDOMIRO. Aldea da parroquia de Fonteita (Santiago), concello do Corgo (Lugo), que dista 5,3 quilómetros da capital municipal.

BALDRÁNS (Santiago). Parroquia pertencente ó concello de Tui (Pontevedra), arceprelado de Entenza e diocese de Tui-Vigo, que ten un total de 490 habitantes distribuídos entre as entidades de poboación da Carballiza, O Cerqueiro, O Facho, A Igrexa, A Malladoura, A Parceira, O Rapado, A Teixeira e As Veigas.

BALDREI. Aldea da parroquia de Asadur (Santa Mariña), concello de Maceda (Ourense).

BALDRÍS. Lugar da parroquia de Mandaio (San Xiao), no concello de Cesuras (A Coruña), que ten un total de 6 habitantes.

BALDRIZ. Aldea da parroquia de Reboredo (Santiago), no concello de Antas de Ulla (Lugo), que ten un total de 11 habitantes.

• Lugar da parroquia (San Bartolomeu) do mesmo nome, no concello de Cualedro (Ourense), que ten 73 habitantes.

BALDRIZ (San Bartolomeu). Parroquia e arceprelado de Cualedro, na provincia e diocese de Ourense, que ten un total de 99 habitantes distribuídos nas entidades de poboación de Baldriz e As Mercedes.

BALDUZ. Liñaxe galega coa casa nativa na provincia lucense, dende onde se estendeu ó País Vasco e a Aragón. Leva como armas, en campo de goles, unha torre de ouro, aclarada de azul. (Eduardo Seijas Vázquez)

BALEA. s.f. 1. Denominación xenérica aplicada ós mamíferos cetáceos mariños misticetos pertencentes ás familias dos balénidos e dos escrictidos; as súas aletas constitúen os membros anteriores do animal e a cola é a súa aleta caudal, disposta horizontalmente. Posúe respiración pulmonar e ten por orificios nasais dous espiráculos situados sobre a parte superior da cabeza. Aliméntase, principalmente, de plancto, peixes pequenos e crustáceos. É un animal gregario e moi sociable, que se pode ver en grupos de seis a dez individuos. Realiza unha serie de inmersións, máis ou menos curtas, pero pode permanecer ata media hora debaixo da auga. 2.